

Normas para o transporte

O alumnado deberá levar máscara e non abandonar en ningún momento o seu asento.

Normas para o comedor

O alumnado levará máscara ata o momento da comida.

Sentaranse por grupos de convivencia estable.

Accederán a este servizo de xeito secuencial, comezando ás 13:30 co alumnado de Educación Infantil.

Equipo COVID do centro:

Rubén Annicchiarico

María Barca

Juan L. Zapata

Que pasa se hai positivos de coronavirus no centro?

Seguiranse as recomendacións da Xefatura Territorial de Sanidade, pero é probable que:

1 caso confirmado = corentena para todo o grupo + os mestres/as asociados.

3 casos en menos de 7 días = Peche do nivel educativo afectado ou de todo o centro.

Pode consultarse o texto completo na páxina web do centro.

Centro de Saúde de referencia:

Centro de Saúde de Novo Mesoiro.

Plan de adaptación ao COVID -19 (resumo)

**CEIP PLURILINGÜE
MANUEL MURGUÍA**

Síntomas compatibles co COVID 19

Os síntomas compatibles serían tose seca, febre maior de 37'5º, dificultade respiratoria, cansazo, dor muscular, falta de olfacto ou gusto e diarrea.

Que debo facer se teño síntomas?

- **NON** acudir ao colexio.
- Avisar ao centro de Saúde.
- Avisar ao equipo Covid do centro.
- Non saír da casa.

Como xustifico as faltas?

Todas as faltas relacionadas co Covid considéranse xustificadas.

Que fago se teño un familiar con coronavirus ou sospeitoso de telo?

Igualmente quedo na casa, avisando ao equipo Covid do centro.

TODAS AS FAMILIAS E TRABALLADORES DO CENTRO TEÑEN Á OBRIGA DE AUTOAVALIARSE CADA DIA, A SI MESMO OU AOS SEUS FILLOS/AS ANTES DE ACUDIR AO CENTRO EDUCATIVO, POR SE AMOSAN SÍNTOMAS DE COVID.

Cando debo usar máscara?

O alumnado de **Educación Primaria** deberá levala durante toda a permanencia no centro educativo.

O alumnado de **Educación Infantil** só a levará cando acceda a zonas de uso común.

Protocolo de entrada ao centro

A entrada farase de **8:50 a 9:00**.

Só debe vir un familiar acompañando que quedará na porta do colexio.

O alumnado entrará directamente á súa aula.

Toda persoa que acceda ao centro debe hixienizar as mans na entrada.

¿Que é un grupo de convivencia estable?

Un grupo de ata 25 alumnos/as que interaccionan o mínimo posible con outros grupos.

Todos os grupos-clase do centro son grupos de convivencia estable.

Normas especiais para as aulas

O **alumnado debe traer unha máscara** e un sobre de papel para gardala.

Cada alumna/o terá material individual gardado nun estoxo.

As mesas terán unha distancia mínima de 1 metro entre si.

Hixienizaranse as mans cada vez que se entre ou salga da aula.

O material común limparase despois de cada uso.

Normas especiais para os recreos

Os recreos faranse no seu horario habitual en espazos diferenciados segundo cada grupo de convivencia estable. Todo o alumnado de Primaria levará máscara.

A PÁXINA WEB DO CENTRO É O PRINCIPAL XEITO DE COMUNICACIÓN COAS FAMILIAS:

<https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipmanuelmurguia/>